



Resolución do 24 de novembro de 2020, do Servizo Provincial de Pontevedra, pola que se sinala a data para o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado de actualización do proxecto do ramal de conexión entre a AG-53 e a N-525 en Dozón (PO/12/132.01), de clave PO/19/027.01, no concello de Dozón.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu apartado 2º a competencia da comunidade autónoma galega no desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do estado en materia de expropiación forzosa.

Con data de 17 de setembro de 2020 a Xunta de Galicia procedeu á declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado de actualización do proxecto do ramal de conexión entre a AG-53 e a N-525 en Dozón (PO/12/132.01), de clave PO/19/027.01, no concello de Dozón, por Decreto 167/2020, publicado no Diario Oficial de Galicia de data do 2 de outubro de 2020.

A tramitación do expediente expropiatorio debe axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu regulamento de 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG nº 179 de 20 de setembro de 2017, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios do concello de Dozón, para que comparezan no lugar, data e horas que se detallan a continuación, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación nas que se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Termo municipal de Dozón.

Lugar: Casa Consistorial do Concello de Dozón.

Data: 12 de xaneiro de 2021, das 10:30 ás 11:30 horas.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como o plano parcelario correspondente estarán expostos no concello de Dozón, e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Pontevedra (avda. María Victoria Moreno 43-1º, 36003 Pontevedra), e publicárase no seguinte enlace da páxina web da consellería:

[https://infraestruturasemobidade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Web/Contidos/Aviso/aviso\\_0198.html](https://infraestruturasemobidade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Web/Contidos/Aviso/aviso_0198.html)

Asimesmo realizarase a convocatoria aos interesados ao levantamento das actas previas mediante notificación individual.

A dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade (e, no seu caso outra documentación que se requira, xustificante do pago do IBI...), así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, a fin de proceder aos sucesivos pagos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar pola súa conta, se o consideran oportuno, dos seus peritos e notarios.

A fin de que os actos derivados dos procedementos expropiatorios se realicen de acordo coas medidas preventivas do risco de contaxio ante a situación provocada polo coronavirus COVID-19, serán aplicables as medidas de prevención recollidas no Anexo da Resolución de 12 de xuño de 2020 e posteriores modificacións, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crisis sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

En todo caso, cómpre por en coñecemento dos interesados as seguintes indicacións:

- Os interesados poderán confirmar a data e hora fixada para a celebración do acto, ou, no caso de concorrer motivos de inconveniencia por razóns de saúde e/ou de adopción de medidas que afecten favorablemente á prevención de contaxios, poderán propoñer outro horario diferente para o mesmo, previa cita confirmada polo persoal de contacto.
- No momento da atención, tanto o persoal da Administración e da Asistencia Técnica como o expropiado usarán máscara de protección, respectando en todo momento a distancia de seguridade fixada. A tales efectos, establécese a obriga de asistir ao acto provisto de máscara de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria. Porén, dispórase de máscara por parte da administración no caso de que os expropiados non dispoñan dela.





Servizo Provincial de Pontevedra

- En caso de detectarse posibles síntomas compatibles coa COVID-19 nalgunha persoa presente, seguiranse obrigatoriamente as indicacións realizadas polas autoridades sanitarias para o efecto.
- Deberán asistir unicamente as persoas estritamente necesarias para a realización do trámite.
- Establécese a obriga de permanecer no local de reunión o tempo estritamente necesario.
- Non se poderá acudir no caso de presentar febre (>37º) ou síntomas de problemas respiratorios.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica  
O xefe do Servizo Provincial de Pontevedra  
Manuel A. González Juanatey

